





k) Licenzas para vehículos de clase C “vehículos sen conductor”.	46,87 €
l) Licenzas para vehículos non incluídos nos grupos anteriores	5,16 €
m) Permisos para conducir auto-taxi	7,05 €
n) Copia do atestado realizado pola policía municipal en caso de “accidente de danos materiais”.	47,30 €
ñ) Por exemplar completo das ordenanzas fiscais	35,39 €
o) Por exemplar completo do PXOU	118,25 €
p) Por cada norma zonal do PXOU	11,85 €
q) Por cada plano	3,51 €
r) Por información ou documentación de calquera tipo sobre soporte informático, por unidade de CD ou DVD	16,25 €
s) Por cada certificación expedida dos padróns fiscais	3,51 €
t) Dereitos de exame:	
Dereitos de exame para prazas incluídas nas ofertas de emprego	16,54 €
Dereitos de exame para prazas de promoción interna	8,24 €
u) Expedición carnés biblioteca adultos anual	1,03 €
v) Expedición de carnés biblioteca nenos anual, ata 14 anos	0,52 €

#### **ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS.**

Non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

Están exentos do pagamento dos dereitos de exame as persoas que concorran ás convocatorias de persoal do Concello que teñan recoñecida unha minusvalidez superior ao 33%.

Tamén están exentos de pagamento das tarifas desta taxa os documentos que se soliciten para instar a xustiza gratuíta.

#### **ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN.**

1. O Concello de Narón, ao abeiro da facultade que lle concede o artigo 205.1 “in fine”, do R.D. legislativo 781/86, do 18 de abril, e o artigo 26 da Lei reguladora das facendas locais, establece o depósito previo do importe da taxa obxecto desta ordenanza, a cal será esixida e percibida coa presentación da solicitude que inicie o expediente, que non será tramitado sen este requisito.

2. A exacción destes dereitos levarase a cabo, en todo caso, adherindo aos documentos suxeitos ao pagamento, o timbre, ou efectos de valor que corresponda, expedido pola Tesourería de Fondos.

3. Os funcionarios que teñan ao seu cargo a tramitación de documentos suxeitos, non admitirán nin cursarán documento algún sen que leve adherido o timbre correspondente, sobre o que se estampará a data para inutilizalo.

4. A taxa correspondente á expedición de copias dos atestados percibirase no intre de presentar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Narón. Para iso facilitaráselles un impreso de autoliquidación ou declaración liquidación das taxas aos contibuíntes.



#### **ARTIGO 7. INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.